

Proceso de selección para a provisión en propiedade da praza vacante con código 02.01.01.02, de persoal Auxiliar de Axuda a Domicilio, pertencente ao grupo 5 do Convenio Colectivo do Concello de Ponteareas (no momento da publicación da Convocatoria da OPE 2018), e na actualidade encadrada no Grupo 3, subgrupo 3 do Convenio, mediante quenda libre, incluída na Oferta Pública de Emprego do ano 2018, publicada no DOG núm. 130, do 10 de xullo de 2019. Bases do proceso de selección publicadas no BOP de Pontevedra, núm. 96, do 20 de maio de 2022.

PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN: CUESTIONARIO TIPO TEST

Tal e como establece a base 6ª, o primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 25 preguntas, con respostas alternativas baseadas no contido do programa anexo á convocatoria, das cales 3 preguntas son de reserva. Neste exercicio cada pregunta constará de catro posibles respostas, sendo soamente una a correcta, penalizando cun punto cada tres respostas incorrectas e non puntuando as preguntas non contestadas.

TEMPO PARA A REALIZACIÓN DO CUESTIONARIO: 60 minutos

1. **España constitúese nun Estado:**

- a) Social de Dereito
- b) Democrático de Dereito
- c) Social e democrático de Dereito**
- d) Plural e democrático de Dereito

2. **A forma política do Estado español é:**

- a) A Monarquía parlamentaria**
- b) A Democracia parlamentaria
- c) A República
- d) A Monarquía hereditaria

3. O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 5:

- a) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito a coñecelos e usalos
- b) A lingua propia de Galicia é o galego
- c) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito e deber de coñecelos e usalos

d) As opcións a) e b) son correctas

4. De acordo coa valoración técnica correspondente, poderán ser destinatarias do servizo de axuda a domicilio:

- a) Persoas maiores con déficits de dependencia
- b) Persoas con discapacidade
- c) Familias en risco de exclusión social

d) As opcións b) e c) son correctas

5. Dentro das actuacións de carácter persoal do servizo de axuda a domicilio, NON se atopa:

- a) Asistencia para levantarse e deitarse
- b) Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse

c) Preparación de alimentos

d) Todas as anteriores son actuacións de carácter persoal

6. Son obxectivos do servizo de axuda a domicilio:

- a) Previr situacións de emerxencia e inclusión social
- b) Retardar ou evitar a institucionalización**
- c) Favorecer e potenciar a dependencia persoal no propio domicilio
- d) As opcións a) e b) son correctas

7. Cal dos seguintes NON é un dereito das persoas usuarias do servizo de axuda a domicilio?

a) Recibir unha atención individualizada e adaptada ás necesidades, con calidade e duración indeterminadas en cada caso.

- b) Ser tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía
- c) Acceder e utilizar o servizo en condicións de igualdade e non discriminación
- d) Coñecer a situación do seu expediente

8. **Para mobilizar a un usuario encamado, hai que ter en conta:**

- a) O estado do usuario
- b) Se o usuario está en condicións de colaborar
- c) Se a patoloxía do usuario o permite
- d) Todas son correctas

9. **Para o lavado ou hixiene dos xenitais externos, indique o correcto:**

- a) É necesaria unha cuña
- b) Faise sempre na dirección do ano cara aos xenitais externos
- c) Realízase ao principio do procedemento
- d) Faise sempre na dirección dos xenitais externos cara á rexión anal

10. **Nunha dieta astringente, non deben incluírse:**

- a) Carnes
- b) Verduras
- c) Sal
- d) Líquidos

11. **Cal das seguintes definicións correspóndese co concepto de envellecemento?**

- a) Proceso biolóxico polo cal o ser humano sofre unha deterioración progresiva das súas funcións orgánicas
- b) Fase da vida na cal o ser humano sofre unha diminución da súa capacidade física
- c) Proceso que sucede de forma brusca a partir dos 65 anos
- d) Proceso reversible no que o ser humano sofre unha serie de cambios que diminúen a súa calidade de vida

12. **No referente á idade, o envellecemento caracterízase por ser un proceso:**

- a) Universal
- b) Prevenible
- c) Irreversible
- d) a) e c) son correctas

13. Para levantar do chan un obxecto de certo peso, deberá:

- a) Dobrar os xeonllos, non as costas
- b) Non dobrar os xeonllos nin as costas
- c) Dobrar os xeonllos e a costas
- d) Dobrar as costas, non os xeonllos

14. Segundo a Guía de actuación coordinada contra os malos tratos das persoas maiores ou adultas con discapacidade, publicada pola Xunta de Galicia, son indicadores xerais de sospeita de malos tratos os seguintes:

- a) Escasa hixiene ou roupa inadecuada
- b) Desnutrición, deshidratación
- c) Queimaduras, contusións, hematomas, fracturas

d) Todos os anteriores son indicadores xerais de sospeita de malos tratos

15. A Guía de actuación coordinada contra os malos tratos das persoas maiores ou adultas con discapacidade publicada pola Xunta de Galicia, establece a seguinte tipoloxía de malos tratos:

- a) Físicos, de tipo sexual, psicolóxicos/emocionais, económicos/financeiros, abandono/neglixencia
- b) Físicos e psicolóxicos
- c) Físicos, psicolóxicos e de tipo sexual
- d) Físicos, psicolóxicos, abandono e neglixencia

16. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda a domicilio poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos... Sinala a resposta INCORRECTA:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables
- b) Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal
- c) Servizo de comida a domicilio
- d) Servizo de podoloxía

17. **Que atendería primeiro?**

- a) Unha caída
- b) Unha hemorraxia**
- c) Unha queimadura
- d) Todas son verdadeiras

18. **Cando unha persoa perde autonomía, unha das primeiras manifestacións que presenta é:**

- a) A excesiva preocupación pola súa hixiene persoal
- b) O descoido das rutinas hixiénicas**
- c) A excesiva preocupación por comprar roupa
- d) A preocupación pola aparencia física

19. **A postura que se utiliza para realizar a limpeza da persoa asistida denomínase:**

- a) Recostarse sobre a rexión dorsal
- b) Decúbito lateral
- c) Posición de Sims
- d) Decúbito supino**

20. **O baño dun usuario encamado hai que realizalo por partes, o primeiro que debe lavarse son:**

- a) As extremidades inferiores
- b) Costas e nádegas
- c) Cara, pescozo e orellas**
- d) Mans

21. **Sinale cal é a afirmación correcta:**

- a) Ante o atragoamento débense golpear as costas á altura dos pulmóns
- b) O obxectivo da manobra de Heimlich é provocar o vómito
- c) A primeira reacción do noso organismo ante o atragoamento é a tose**
- d) Se o atragoado está inconsciente, deberá ser colocado boca abaixo e tentar levantar as súas pernas

22. Indique cal dos seguintes cambios do envellecemento NON presdipañen ás caídas:

- a) Diminución da agudeza visual
- b) Hipotensión ortostática
- c) Redución do ton e forza muscular
- d) Afectación da capacidade auditiva

PREGUNTAS DE RESERVA

1. Cales son as vías de entrada máis habituais de produtos tóxicos no organismo?

a) Dixestiva

b) Nasal

c) a) e b) son correctas

d) a) e b) son falsas

2. Antes de comezar coa hixiene da persoa maior:

a) Debemos ter en conta o seu grao de autonomía

b) Debemos explicarlle o que imos facer e pedirlle a súa colaboración, sempre que sexa posible

c) Despois de realizar o lavado da pel debemos levar a cabo o secado

d) Todas as opcións son correctas

3. Para previr a aparición de úlceras por presión, que medidas adoptaremos?

a) Manter a hixiene da pel

b) Realizar cambios posturais periódicos

c) Asear á persoa usuaria

d) Todas son medidas a adoptar